

**INFORME DE LEGALIDADE DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO,  
POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 74/2006, DO 30 DE MARZO, POLO QUE SE REGULA O  
CONSELLO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.**

En cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte,

**INFORME**

**1. Obxecto**

Constitúe o obxecto do presente proxecto a modificación do DECRETO 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

O artigo 45 da Constitución configura o medio ambiente como un ben xurídico de cuxo goce son titulares toda a cidadanía e cuxa conservación é unha obrigaón que comparten os poderes públicos e a sociedade no seu conxunto. As persoas teñen o dereito para esixir aos poderes públicos que adopten as medidas necesarias para garantir a adecuada protección do medio ambiente, para gozar do dereito para vivir nun medio ambiente san. Correlativamente, impón á cidadanía a obrigaón de preservar e respectar ese mesmo medio ambiente.

Para que as persoas, individual ou colectivamente, poidan participar nesa tarefa de protección de forma real e efectiva, resulta necesario dispoñer dos medios instrumentais adecuados, cobrando hoxe especial significación a participación das persoas particulares no proceso de toma de decisións públicas, pois a participación, que con carácter xeral consagra o artigo 9.2 da Constitución, e para o ámbito administrativo o artigo 105, garante o funcionamento democrático das sociedades e introduce maior transparencia na xestión dos asuntos públicos. A definición xurídica desta participación e a súa instrumentación a través de ferramentas legais que a fagan

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro  
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela  
T. 881 995 346  
sxt.cmatv@xunta.gal  
www.xunta.gal



realmente efectiva constitúen na actualidade un dos terreos nos que con maior intensidade progresou o Dereito ambiental.

O artigo 28 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, crea, como órgano consultivo da Administración ambiental, o Consello Galego de Medio Ambiente, co fin de cumprir o principio de participación pública e de establecer unha vía de participación dos estamentos interesados da sociedade galega e da súa comunidade científica. Este órgano desenvolveuse mediante o Decreto 155/1995, do 3 de xuño, e foi posteriormente adaptándose ás variacións da estrutura administrativa da Xunta de Galicia, ata o Decreto 74/2006, do 30 de marzo, que regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, que foi modificado polos decretos 137/2006, do 27 de xullo, 387/2009, do 24 de setembro, 77/2012, do 9 de febreiro e 54/2013, do 21 de marzo.

Por outro lado, ao ter que emitir informes e ditames preceptivos, tanto os que se establezan nas disposicións legais ou regulamentarias como os relativos ás disposicións legais e regulamentarias cuxa iniciativa lle corresponde ao centro directivo competente en materia de medio ambiente, asegúrase que a normativa e a súa interpretación sexa coherente co resto do ordenamento xurídico, creando un marco normativo estable que facilite o seu coñecemento e comprensión.

## 2. Marco normativo e competencial

O artigo 39 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que lle corresponde á comunidade autónoma a creación e estruturación da súa propia Administración pública, dentro dos principios xerais básicas do Estado. Pola súa parte, o artigo 41 indica que a comunidade autónoma exercerá as súas funcións administrativas por órganos ou entes dependentes da Xunta de Galicia.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro  
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela  
T. 881 995 346  
sxt.cmatv@xunta.gal  
www.xunta.gal



De conformidade co Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, correspóndenlle a esta as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados na Constitución española e no propio Estatuto.

### **3. Principios de boa regulación**

De acordo co artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a adecuación os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia xustifícase na memoria xustificativa do presente proxecto de decreto.

Así mesmo, obsérvase o cumprimento do resto do mandato contido no artigo 129 da Lei 39/2015:

- En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a xustificación da necesidade normativa e os fins perseguidos figuran na memoria xustificativa.
- O proxecto respecta a lexislación básica comunitaria e estatal na materia, garantindo o principio de seguridade xurídica.

### **4. Estrutura do proxecto normativo**

O decreto estrutúrase en un artigo único, e dúas disposicións derradeiras.

### **5. Tramitación**

O proxecto de decreto tramitase se conformidade co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro  
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela  
T. 881 995 346  
sxt.cmatv@xunta.gal  
www.xunta.gal



No expediente constátase que de acordo co disposto no artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o proxecto de decreto acompáñase dos seguintes documentos, correspondentes á fase inicial da tramitación:

- Acordo de inicio (25/08/2022)
- Memoria Xustificativa (26/08/2022)
- Informe do servizo Técnico-Xurídico da consellería (26/08/2022)
- Aprobación Inicial (26/08/2022)

Na fase intermedia da tramitación foi sometido a os seguintes trámites:

- Trámite de audiencia e Información pública a determinadas administracións, corporacións ou entidades.
  - Trámite de Audiencia (29/08/2022), cun prazo de quince días.
  - Información pública e transparencia (30/08/2022-20/09/2022)
- Informe sobre os trámites de transparencia e audiencia, no que se analizan as alegacións presentadas. (14/10/2021).

**Informes e ditames:** Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:

- Informe da Dirección Xeral da Función Pública de 25 de outubro de 2022
- Informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa de 6 de outubro de 2022
- Informe da Dirección Xeral competente en materia de orzamentos de 26 de outubro de 2022.
- Informe sobre impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de 19 de outubro de 2022.
- Informe de Impacto Demográfico de 20 de outubro de 2022.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro  
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela  
T. 881 995 346  
sxt.cmatv@xunta.gal  
www.xunta.gal



Na fase final da tramitación, o expediente remítese a o preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 7 de novembro de 2022. As observacións do informe da Asesoría Xurídica foron incorporadas ao texto, de conformidade co informe emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, do día 09 de novembro do 2022.

A vista do anterior, e unha vez contrastada toda a documentación que consta no expediente, compróbase que a actuación desta Administración, tanto en canto á finalidade da norma como en canto á tramitación do expediente, adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como esixe o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## **6. Legalidade**

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de Decreto polo que se modifica o DECRETO 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Santiago de Compostela,

A secretaria xeral técnica

(documento asinado dixitalmente)

Carmen Bouso Montero

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro  
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela  
T. 881 995 346  
sxt.cmatv@xunta.gal  
www.xunta.gal

